



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 13 DE AGOSTO DE 2018.

### ASISTENTES

#### GRUPO POLITICO

#### ALCALDESA, que preside:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela PP

#### CONCELLEIROS:

D. José Ramón Gondar Pintos PP

D. Ramón Tilve Castro PP

D<sup>a</sup>. Milagros Pérez Gándara PP

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar González Dopazo PP

D. José Manuel Méndez Lázaro PP

D<sup>a</sup>. Rosalina Lima Prado PP

D. José Manuel Ásperez Montes MI

D. Antonio Rial Lastres MI

D. José Varela Budelo MI

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Prado González MI

D. Icíá García Fernández PSdeG-PSOE

D. Manuel Radio Oubiña PSdeG-PSOE

#### SECRETARIA:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 13 de agosto de 2018, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorum necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 11 DE XUÑO DE 2018.

A Sra. alcaldesa-presidenta preguntalles aos membros do Pleno si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión ordinaria de data 11 de xuño de 2018. Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independente o Sr. Ásperez Montes quen sinala que non votarán a favor da aprobación da acta da sesión ordinaria de data 11 de xuño porque non se recollen diversas cuestións coma as respostas que dou a Sra. alcaldesa ás preguntas que lle formulou no punto da delegación na Deputación Provincial de Pontevedra das facultades de xestión e recadación de multas de tráfico e das que a secretaria debe ter nota; engadindo o Sr. Varela Budelo que na intervención que fixo no apartado de rogos e preguntas en relación co camiño de Altamira non manifestou que “non se lle dou solución” senón que “non se lle contestou”, así mesmo en relación coas propostas que formulou en relación co proxecto de apertura e urbanización da rúa de Lores houbo deliberación e tampouco se recolle.

Sometida a votación ordinaria a aprobación da acta da sesión ordinaria de data 11 de xuño de 2018, o Pleno da Corporación por catro votos en contra dos membros do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independente e nove votos a favor, acorda a aprobación da devandita acta.





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

## 2º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta aos membros da Corporación da proposta da Alcaldía en relación coa conta Conta Xeral do Concello de Meaño correspondente ao exercicio económico 2017, formada pola secretaria-interventora do Concello, ó abeiro do artigo 208 e ss. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que posta en coñecemento dos membros da Comisión Especial de Contas, ao abeiro do artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de data 21 de xuño de 2018, estivo exposta ao público, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 124 de data 28 de xuño de 2018, no Taboleiro de edictos e na páxina Web do Concello, polo período dos quince días hábiles comprendidos entre os días 29 de xuño e 20 de xullo de 2018, sen que se presentasen reclamacións a mesma neste período nin nos oito máis posteriores; sometendoa, conforme dispón o artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en concordancia coa Regra 49.3 da Instrucción do modelo normal de contabilidade local, aprobada pola OM HAP/1781/2013, do 20 de setembro, á consideración do Pleno da Corporación para a súa aprobación, si procede, e posterior remisión ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE a Sra. García Fernández, quen sinala que na votación do informe da Conta Xeral na Comisión Especial de Contas se abstivera pero que da aprobación van a votar a favor.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independente o Sr. Ásperez Montes, quen sinala o que o seu grupo votará nesta mesma liña.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º/ Aproba-la Conta Xeral do Concello de Meaño correspondente ao exercicio económico 2017, có resumo que de seguido se expresa:

O seu resumo é:

### 1.1.1. Balance.

<b>ACTIVO</b>	
<b>A) Activo non corrente</b>	19.941.091,39
I. Inmovilizado intanxible	30.101,70
II. Inmovilizado material	19.910.989,69
<b>B) Activo corrente</b>	3.690.155,25
III. Debedores e outras contas a cobrar a curto prazo	130.627,87
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	3.559.527,38



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

TOTAL ACTIVO (A+B)	23.631.246,64
--------------------	---------------

PASIVO	
<b>A) Patrimonio neto</b>	23.199.643,57
I. Patrimonio	7.574.546,68
II. Patrimonio xenerado	15.202.232,62
III. Resultado de exercicios anteriores	14.687.164,99
IV. Subvenciones recibidas pendentes de imputar a resultados	422.864,27
<b>B) Pasivo non corrente</b>	108.898,27
I. Débedas a longo prazo	108.898,27
<b>C) Pasivo corrente</b>	322.704,80
II. Débedas a curto prazo	61.397,26
IV. Acredores e outras contas a pagar a curto prazo	261.307,54
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)</b>	23.631.246,64

## 1.1.2. Conta de Resultados Económico-Patrimonial.

O seu resumo é:

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL	
1. Ingresos tributarios e urbanísticos	1.615.582,20
2. Transferencias e subvencións recibidas	1.780.243,82
3. vendas e prestación de servizos	78.025,73
4. Var. De exist. De productos terminados e en curso de fabricación e det. valor	-3.716,84
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	19.905,12
<b>A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+6+7)</b>	3.490.040,00
8. Gastos de persoal	-1.350.833,85
9. Transferencias e subvencións concedidas	-139.125,35
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-1.073.153,76
12. Amortización do inmovilizado	-440.376,02
<b>B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (8+9+11+12)</b>	-3.003.488,98
<b>I Resultado (aforro ou desaforro) da xestión ordinaria (A+B)</b>	486.551,05
14. Outras partidas non ordinarias	969,92
<b>II Resultado das operacións non financeiras (I+13+14)</b>	487.520,97
15. Ingresos financeiros	27.546,66
<b>III Resultado das operacións financeiras (15+16+17+18+19+20+21)</b>	27.546,66
<b>IV Resultado (aforro ou desaforro) neto do exercicio (II+III)</b>	515.067,63

## 1.1.3. Estado de cambios no Patrimonio Neto

Que informa sobre as variacións do Patrimonio do Concello, o seu detalle figura no expediente.

## 1.1.4. Estado de Fluxos de Efectivo

Que informa sobre o orixe e o destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, o seu detalle figura no expediente.

## 1.1.5. Estado de liquidación do Orzamento

### GASTOS

DESCRIPCIÓN	
Créditos iniciais	3.765.718,20
Modificacións	1.099.721,28
Créditos definitivos	4.865.439,48
Gasto comprometido	3.367.844,60
Obligacións recoñecidas	2.914.764,75
Pagos	2.870.800,19
Obrigas pendentes de pago	43.964,56

### INGRESOS





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

DESCRICIÓN	
Previsións iniciais	3.765.718,20
Modificacións	1.099.721,28
Previsións definitivas	4.865.439,48
Dereitos recoñecidos	3.532.875,77
Dereitos anulados	45.092,31
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	3.487.783,46
Recadación neta	3.361.552,68
Dereitos pendentes de cobro	126.230,78

## RESULTADO PRESUPOSTARIO

DESCRICIÓN	
Dereitos recoñecidos netos	3.487.783,46
Obrigas recoñecidas netas	2.914.764,75
<i>RESULTADO ORZAMENTARIO</i>	573.018,71
<i>AXUSTES</i>	136.485,77
Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais	104.828,54
Desviacións de financiamento negativas do exercicio	83.540,08
Desviacións de financiamento positivas do exercicio	51.882,85
<i>RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO</i>	709.504,48

### 1.1.6. Memoria

A súa finalidade é a de completar, ampliar e explicar a información contida nos outros documentos que integran a conta anual. Así inclúe información máis ampla e detallada como a organización do Concello, as bases de presentación da conta anual, normas de recoñecemento e valoración.

Se ben a información e moito máis ampla de seguido detállase parte da información máis relevante.

### Inmovilizados materiais.

Saldo inicial	19.996.198,96
Entrada o dotacións	355.166,75
Aumentos	0,00
Traspasos	0,00
Saídas ou baixas	0,00
Disminucións ou traspasos	0,00
Correccións valorativas netas por deterioro do exercicio	0,00
Amortización do exercicio	440.376,02
Incremento por revalorización	0,00
Saldo final	19.910.989,69

### Débedas con entidades financeiras

O Concello de Meaño non ten préstamos nin débedas con entidade financeiras, polo que a súa carga financeira sitúase en 0,00 €.

### Débedas con Entidades Públicas por liquidacións negativas e outros

DÉBEDAS CON ENTIDADES PÚBLICAS 31-12-2017	IMPORTE
Reintegro derivado da liquidación definitiva 2008 da participación dos concellos en tributos do estado	57.504,23
Reintegro derivado da liquidación definitiva 2009 da participación dos concellos en tributos do estado	87.404,96
TOTAL	144.909,19

Das cales vencen a cuto prazo, é decir, antes do 31 de decembro de 2018, 36.227,28 € e a longo prazo 108.681,91 €.

### Transferencias e subvencións recibidas

TOTAL	1.745.514,72
-------	--------------

### Transferencias e subvencións concedidas

TOTAL	117.802,23
-------	------------



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

## Operacións non orzamentarias de tesourería

O detalle por concepto é:

CONCEPTOS	SALDO FINAL
Debedores	6.174,18
Acredores	219.668,07
Partidas pendentes de aplicación. Ingresos	0,00
Partidas pendentes de aplicación. Gastos	0,00

## Valores recibidos en depósito

Valores recibidos en depósito pendentes de devolución 31-12-2017	253.810,78
--	------------

## Acredores por operacións pendentes de aplicar a presuposto

DENOMINACIÓN	A 31 DE DECEMBRO
Liquidación de gastos terceiro cuatrimestre Mancomunidade do Salnés	21.111,31 €

## Proceso de xestión de ingresos

Dereitos recoñecidos	Recadación total	Dereitos anulados	Dereitos cancelados	Recadación neta	Devolucións recoñecidas no exercicio	Devolución de ingresos pagados no exercicio	Pendientes de pago
4.865.439,48	3.406.644,99	45.092,31	0,00	3.361.552,68	46.904,24	45.092,31	1.811,93

## Exercicios pechados.

Gastos:

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Obrigas pendentes de pagamento iniciais	85.159,45
Modificación de saldo inicial	0,00
Obrigas pagadas	85.159,45
Obrigas pendentes de pagamento a fin de exercicio	138,01

Ingresos:

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Dereitos pendentes de cobro iniciais	380.136,27
Modificación de saldo inicial	0,00
Total dereitos anulados	0,00
Total dereitos cancelados	0,00
Recadación	263.963,79
Dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio	116.172,48

## Remanente de tesourería.

Pódese definir como a magnitude que indica a liquidez do Concello, é decir, a capacidade para facer fronte ós pagos que se teñen cos recursos dispoñible.

O detalle é o seguinte:

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
1. (+) Fondos líquidos	3.559.527,38
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	248.577,44
3. (-) Obrigas pendentes de pago	263.770,64
4. (+) Partidas pendentes de aplicación	0,00
I. Remanente de tesourería total	3.544.334,18
II. Saldos de dubidoso cobro	117.949,57
III. Exceso de financiamento afectado	33.992,32
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	3.392.392,29
Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento	21.111,31
Saldos acredores por devolución de ingresos	1.811,93



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

Remanente de tesourería para gtos xerais axustado	3.369.469,05
---	--------------

## Outra información incluída na Memoria.

Organización  
Bases de presentación das contas  
Nommas de recoñecemento e valoración  
Inmovilizado material  
Inversións inmobiliarias  
Activos financeiros  
Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos  
Presentación por actividades da conta do resultado económico-patrimonial  
Operacións por administración de recurso por conta doutros entes públicos  
Contratación administrativa. Procedementos de adjudicación  
Valores recibidos en depósito  
Execución de proxectos de gastos  
Gastos con financiamento afectado  
Indicadores  
Acta de arqueo  
Certificación de saldo de contas bancarias

2º/ Efectua-la rendición da Conta Xeral 2017 ao Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Contas do Estado, ao abeiro do artigo 212.5 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- RATIFICACIÓN, SI PROCEDE, DO ACORDO ADOPTADO O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2017, POLA MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS DE AROUSA (MATADOIRO) SOBRE A SÚA DISOLUCIÓN, LIQUIDACIÓN, DISTRIBUCIÓN DO PATRIMONIO, ASÍ COMA A DESETIMACIÓN DAS RACLAMACIÓNS.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta da proposta da Alcaldía en relación coa solicitude do Presidente da Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa de ratificación do acordo de data 24 de outubro de 2017 da Comisión Xestora da Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa, de disolución, liquidación, distribución do patrimonio así como á desestimación das reclamacións presentadas durante o período de exposición ao público por parte de D. Ramiro Martínez Señoráns, actuando en nome e representación de Ramiro Martínez, S.L. e por D. Manuel Barcala Santiago, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Mán Común de Sobrán, polos seguintes motivos:

- A empresa Ramiro Martínez, S.L., está na actualidade xestionando o servizo do matadoiro cunha autorización temporal, xa que a concesión das instalacións, iniciada o día 8 de marzo de 1989 rematou o 17 de setembro de 2013 (24 anos de concesión).

- A Comunidade de Montes Veciñais en Mán Común de Sobrán aínda non se subrogou unha posición da Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa. A Mancomunidade manterá a súa personalidade xurídica en tanto non sexa adoptado polos Plenos o acordo de ratificación citado que deberá posteriormente ser publicado no Diario Oficial de Galicia e remitido á Dirección Xeral de Administración Local e a Administración Central do Estado.

E á que se achega certificación do acordo adoptado pola Comisión Xestora en sesión de data 24 de outubro de 2017, anuncio de exposición pública no BOP nº 216 de



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

data 10 de novembro de 2017 do acordo de disolución da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Arousa, informes da Deputación Provincial e Dirección Xeral de Administración Local, alegacións ao devandito acordo presentadas por D. Ramiro Martínez Señoráns, actuando en nome e representación de Ramiro Martínez, S.L. e D. Manuel Barcala Santiago, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Mán Común de Sobrán.

Engadindo que a Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa, da que forma parte o Concello de Meaño, tiña como finalidade a prestación do servizo de matadoiro aos concellos mancomunados, xestionando o servizo a empresa Ramiro Martínez S.L.. En sesión de data 5 de xuño de 2014 a Comisión Xestora desta Mancomunidade acorda iniciar a súa disolución e en sesión de data 24 de outubro de 2017 acorda a disolución, liquidación e distribución do patrimonio; correspondéndolle aos concellos mancomunados ratificar este acordo.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE a Sra. García Fernández, quen sinala que votaran a favor.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independente o Sr. Ásperez Montes, quen sinala o que o seu grupo se absterá porque non dispoñen de información en relación con este proceso.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por catro abstencións dos membros do Grupo Municipal IM e nove votos a favor, que en todo caso representan a maioría absoluta do número legal de membros desta corporación, acorda:

1º Ratificar o acordo da Comisión Xestora da Mancomunidade de Municipios de Arousa, de data 24 de outubro de 2017, sobre a disolución, liquidación e distribución do seu patrimonio, así como á desestimación das reclamacións presentadas durante o período de exposición ao público por parte de D. Ramiro Martínez Señoráns, actuando en nome e representación de Ramiro Martínez, S.L. e por D. Manuel Barcala Santiago, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Sobrán, polos motivos sinalados.

2º Dar traslado do presente acordo á Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa.

4º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE REFERIDA Á MODIFICACIÓN DA "ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. García Fernández, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, quen da lectura ao escrito de moción presentado con data de rexistro de entrada 06/08/2018, nº 2018-E-RC-3896, referida á modificación da



N.I.F.: P-36.027600-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MJ-2000746



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

“Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboas e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa”:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icíá García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, referida á modificación da “Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa”**.”

As terrazas constituíron tradicionalmente lugares de esparcemento e de relación social, favorecendo a imaxe aberta e acolledora do Concello de Meaño. Ata a fecha este tipo de instalación debían ser reguladas pola “Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa”, aprobada por Acordo Plenario do 29 de setembro de 1998, enchendo o baleiro legal existente en aqueles anos.

A día de hoxe Meaño conta con numerosos bares e restaurantes que dispoñen de estas instalación para dar un servizo máis amplo e de mellor calidade aos seus clientes, reforzando a boa imaxe do servizo hostelero do noso concello.

Actualmente a ordenanza municipal vixente que regula este tipo de instalación atópase totalmente desvinculada coa realidade do concello, facéndose necesaria e urxente una actualización da mesma, poste que dende a súa aprobación ata agora, existe una diferenza de case 20 anos.

De acordo con todo o anterior, sométese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte:

1. Modificación da “Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa” para actualizala á realidade do Concello de Meaño.”

Engade a Sra. García Fernández que o que propón o seu grupo é actualizar esta Ordenanza á realidade, xa que conta con preto de vinte anos e aínda se atopan os importes das cotas en pesetas e diversas cuestións da mesma alonxadas da realidade actual do Concello de Meaño.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independente o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que a moción non concreta nada e si só é actualizada de pesetas a euros é unha actualización que cae de caixón, hai que propoñer ir máis alo; o seu grupo quería contribuir con algo máis, como por exemplo regular beneficios fiscais porque os tempos económicos cambian.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen sinala que está de acordo coa proposta e se está a traballar nesta ordenanza fiscal e nunha ordenanza reguladora de instalación de terrazas en espazos de uso público, para o que se solicitou informe ao arquitecto municipal que delimite o espazo público do que non é público.

Toma de novo a palabra a Sra. García Fernández quen solicita que se teñan en conta as opinións dos grupos políticos desta Corporación na modificación e na elaboración destas ordenanzas.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen sinala que está de acordo coa postura da Sra. García Fernández e que hai que traballar en consenso.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos seus membros aproba a proposta contida na moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas de modificar a “Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa” para actualizala á realidade do Concello





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

de Meaño.

## 5º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE REFERIDA Á INSTALACIÓN DE PICTOGRAMAS NOS EDIFICIOS PÚBLICOS.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. García Fernández, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, quen da lectura ao escrito de moción presentado con data de rexistro de entrada 06/08/2018, nº 2018-E-RC-3897, referida á instalación de pictogramas nos edificios públicos:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG- PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icia García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1896) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN, referida á instalación de pictogramas nos edificios públicos:

Todas as persoas temos dereito a recibir información e poder interpretala, é por elo que se fai necesario establecer Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación, tamén chamados pictogramas.

Estes pictogramas adaptan e facilitan o acceso ao nivel cognitivo a un determinado lugar.

Esta información adaptada non está destinada de forma exclusiva a persoas con discapacidade intelectual e autismo, senón que calquera persoa pode demandar ou necesitar información adaptada, como por exemplo, persoas con trastorno de Alzheimer, inmigrantes que non comprendan a lingua na súa totalidade ou nenos pequenos.

É por elo, que se ve necesario establecer un código común informativo que permita ao Concello comunicarse con persoas con máis necesidades de apoio.

Ademais, o uso de estes sistemas de información adaptados permite a redución de situacións de estrés e nerviosismo xerados pola ausencia ou falta de información ante unha situación descoñecida e que coa visualización de un pictograma pode facilitar esa identificación de ese espazo determinado. Poñendo un exemplo, se unha persoa reside nun país que non coñece o idioma e ten que solicitar un trámite, probablemente teña dificultades para entender, coñecer e saber onde ten que solicitar un rexistro de empadramento; en cambio si ese lugar está adaptado con imaxes de uso común e global poderá saber e recoñecer que en ese espazo pode realizar determinadas xestións. Este tipo de situacións son ás que se enfrontan día a día as persoas con autismo ou discapacidade intelectual.

É deber do Concello facer accesible para toda a veciñanza todas as instalacións públicas municipais, como concello, bibliotecas, casas de cultura e instalacións deportivas, entre outras.

Ademais, un espazo adaptado fomenta a igualdade de oportunidades na interpretación e manexo da información mediante o uso de pictogramas, favorecendo a xeración e asociación de aprendizaxes.

De acordo con todo o anterior, sométese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte:

- Realizar unha modificación de crédito para destinar fondos do Plan Concellos para adecuar os espazos públicos do Concello de Meaño con pictogramas.”

Engade a Sra. García Fernández que na Comisión Especial de Contas falouse, e así quedou ditamiando e proposto, de modificar a moción no senso de adecuar os espazos públicos do Concello con pictogramas non con cargo á modificación de crédito proposta senón con cargo a fondos propios municipais.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independente o Sr. Ásperez Montes quen sinala que o Plan Concellos 2018 xa está distribuído e aprobado pero subscriben o sinalado na Comisión Especial de Contas.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, que a distribución do importe correspondente no Plan Concellos 2018 xa foi aprobado pola Deputación Provincial pero pola cantidade apuntada pola Sra. García Fernández na Comisión Especial de Contas que pode supoñer adecuar os espazos públicos do Concello con pictogramas, ésta pode ser asumida polo Concello con cargo a fondos propios.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos seu membros, acorda adecuar os espazos públicos do Concello con pictogramas non con cargo á modificación de crédito proposta na moción senón con cargo a fondos propios municipais.

## 6º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DO 2º TRIMESTRE 2018.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra a secretaria-interventora, quen sinala que tódalas Administracións Públicas, nun exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecida no R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas modificado polo Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas periodicamente, de acordo co que se prevé na Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ó mes ou trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal elaborouse o período medio de pago a provedores do Concello de Meaño correspondente ao 2º trimestre de 2018 que resulta:

Período	Ratio operacións pagadas (días)	Importe pagos realizados	Ratio operacións pendentes de pago (días)	Importe pagos pendientes (€)	Período medio de pago global a provedores trimestral (días)
2º Trimestre 2018	7,78	434.336,38	129	275	7,86



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

De conformidade co disposto na Lei Órgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, modificado polo Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro; o Pleno da Corporación queda enterado do período medio de pago a provedores do Concello de Meaño correspondente ao segundo trimestre 2018.

7º.- DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DURANTE O 2º TRIMESTRE 2018 DOS PRAZOS DE PAGOS DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra a secretaria-interventora, quen da conta, someramente do cumprimento dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ao 2º trimestre 2018, datos que forman parte do informe da execución do Plan de axuste previsto na Disposición final décima da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Presupuestos Xerais do Estado para o exercicio de 2012 e que foi aprobado mediante Resolución da Alcaldía de data 24-07-2018:

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto:** Informe de Intervención de análisis de la ejecución del Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales (2º trimestre 2018).

La secretaria-interventora del Ayuntamiento de Meaño en relación con el 2º trimestre 2018 emitió, con fecha 24 de julio de 2018, el siguiente informe:

## INFORME DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN

**Asunto:** Analisis de la ejecución del Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales (2º TR 2018).

### LEGISLACIÓN APLICABLE

- 1º.- Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012.
- 2º.- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.
- 3º. Artículo 53-2 y 122 del RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).
- 4º. Disposición final decimoquinta de la Ley 39/2010, de 22 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2011
- 5º. Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.
- 6º.- Real Decreto-ley 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio al emprendimiento y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo (artículo 33 y disposición final séptima).
- 7º.- Real Decreto 635/2014, de 25 de julio, por el que se desarrolla la metodología de cálculo del periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas y las condiciones y el procedimiento de retención de recursos de los regímenes de financiación, previstos en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.
- 8º.- Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de julio.

### ANTECEDENTES Y FUNDAMENTOS

- La Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012, establece la posibilidad de reintegrar al Estado los importes pendientes de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado de los años 2008 y 2009 a 1 de enero de 2012 en 120 mensualidades para aquellas Entidades locales a las que, a la fecha de publicación de esta norma, hayan presentado la liquidación de sus presupuestos generales del ejercicio 2011. Para ello exige que las Entidades locales que incumplan los objetivos de estabilidad presupuestaria, límites de endeudamiento que le resulten de aplicación o los plazos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, deberán aprobar un plan de ajuste, que garantice la corrección de aquellos incumplimientos, mediante acuerdo de sus respectivos Plenos, que, además, deberán aceptar la posible imposición por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de condiciones particulares en materia de seguimiento y remisión de información, así como, en su caso, de adopción de medidas de ajuste extraordinarias que permitan aquella corrección. Debiendo presentar ante el

N.I.F.: P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000-40



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas el certificado del Secretario o del Secretario-interventor del acuerdo del Pleno con este contenido y aprobatorio del plan de ajuste, así como el informe del interventor o del secretario-interventor en el que se recojan las medidas del plan.

- El Pleno de la Corporación en sesión extraordinaria y urgente de fecha 5 de julio de 2012, acuerdo:

“1º.- Aprobar el Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales y que consistirá en adoptar las medidas que se contemplan en el informe de Secretaría-Intervención, con el objeto de mejorar los plazos de pago establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre:

a) Facturas:

- Las facturas se presentarán dentro de los tres días hábiles siguientes a la fecha de su expedición, si se presentan directamente en el registro general o en el registro de facturas del Ayuntamiento de Meaño y dentro de los cinco días hábiles siguientes a la fecha de expedición si la remiten por correo, salvo casos excepcionales debidamente justificados.

